



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 5 DE

MARZO DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día cinco de marzo de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten e presentan escusa don Felipe Andreu Barallobre e don Santiago Manuel Ríos Rama.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 27 de febreiro de 2012.

Os concelleiros asistentes, por unanimidade, acordan deixar o borrador da acta da sesión ordinaria de data 27 de febreiro de 2012 sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión.

2º.- Correspondencia.

- Escrito da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, rexistrado de entrada con data do día 24 de febreiro de 2012 co número 2.229, no que comunica que xa están dispoñibles na Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas entidades locais (www.eell.meh.es) a aplicación de captura de datos do orzamento xeral (exercicio 2012), e a da liquidación do orzamento (exercicio 2011). O prazo límite para a comunicación desta información, tanto da entidade local como das súas entidades dependentes, clasificadas dentro do sector "administracións públicas" é o 31 de marzo de 2012.

- Orde do 24 de febreiro de 2012, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería para o curso 2012/2013. (Diario Oficial de Galicia número 42, de data do día 29 de febreiro de 2012).

- Anuncio do 8 de febreiro de 2012, do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo que se fai pública a resolución da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pola que se anuncia o prazo de reserva de praza, preinscrición de novo ingreso e matrícula das escolas infantís. (Diario Oficial de Galicia número 42, de data do día 29 de febreiro de 2012).

- Orde do día 31 de decembro de 2011, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria. (Diario Oficial de Galicia número 43, de data do día 1 de marzo de 2012).

- Escrito da Subdelegación do Goberno na Coruña, rexistrado de entrada con data do día 1 de marzo de 2012 co número 2.573, no que comunica a celebración de varias concentracións o día 22 de marzo, xoves;

unha delas diante do concello, ás 20,00 horas. O obxecto das concentracións é a reivindicación de alternativas e solucións fronte a crise económica, contra a reforma laboral aprobada polo Goberno español. Así mesmo, estas concentracións demandan o explicitado pola CIG coa convocatoria de folga xeral anunciada hai unhas semanas.

- Resolución do 27 de febreiro de 2012, da Secretaría Xeral da Igualdade, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se convocan para o ano 2012 as axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero. (Diario Oficial de Galicia número 44, de data do día 2 de marzo de 2012).

- Resolución do 17 de febreiro de 2012, do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se procede á publicación dos requirimentos de emenda de documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Resolución do 2 de setembro de 2011 que estableceu as bases reguladoras e anunciou a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a proxectos de aforro e eficiencia enerxética para o exercicio 2011 (Diario Oficial de Galicia número 176, do 14 de setembro). Requírese aos solicitantes, entre os que figura o Concello de Cambre, para que no prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos conforme se lles indique no taboleiro electrónico. De non o facer, teranse por desistidos na súa petición de subvención e procederase ao arquivo do expediente, logo da correspondente resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que hoxe día 5 de marzo comeza o prazo de inscrición para inscribirse para a viaxe á neve para menores de 30 anos.

A continuación, informa que se enviou unha carta informativa ás asociacións respecto das bases das subvencións da excma Deputación provincial, por se necesitan algún asesoramento técnico.

Así mesmo, deu conta de que se iniciaron os trámites para contratar o servizo de mantemento e conserxería dos campos de fútbol Dani Mallo e Once Caballeros.

A continuación, informa dos acontecementos deportivos que terán lugar neste mes; así, os días 18 e 25 de marzo terá lugar o campionato comarcal de xadrez no polideportivo dos Campóns. O día 24 de marzo celébrase o campionato provincial de judo e o día 31 de marzo preséntase o club ciclista Cambre.

Para rematar, don Fernando Caride Suárez informa que o martes día 28, ás 10,30 horas, tivo lugar unha reunión co xerente da empresa Terrauga, os técnicos da citada empresa, o señor alcalde e o concelleiro, respecto do tema da piscina do Graxal, que segue a ter problemas co vaso, están a aplicar uns novos produtos para tratar de solucionar o problema e, segundo manifesta o xerente da empresa, garante o uso da piscina para este verano.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa respecto do plan de formación municipal que, como consecuencia de que as avaliacións foron moi boas, e que hai moitas solicitudes, se amplian os cursos a un nivel superior.

Neste momento, o señor alcalde propón que se realice algún seminario para informar sobre a transmisión das empresas familiares dado que, en moitos casos, os interesados non saben como teñen que facer e ocasiona moitos problemas.

Para rematar a súa intervención, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que na feira do “Temple stock” que tivo lugar esta pasada fin de semana houbo unha grande afluencia de público, coas modificacións que se realizaron respecto de anos anteriores foi máis exitoso. Participaron vinte empresas. A idea é organizar a feira do mes de setembro doutra maneira. Comprobouse que a xente visita a feira se chamas a súa atención e a idea é facelo mellor.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que desde as oficinas de “Urbanismo en Red” solicitaron a colocación dunha placa visible no concello para os efectos de información. A citada placa colocouse á carón da caixa de suxestións na planta baixa da casa do concello.

Tamén informa que está a asinar expedientes do mes de xaneiro, e pouco a pouco se tratará de axilizar os trámites.

Para rematar, dona Rocio Vila Díaz informa que mañá, día 6 de marzo, terá lugar a mesa de contratación para o tema da obra “Rehabilitación e restauración do edificio destinado a equipamentos sociais: Casa da Cultura” e o día 19 virán os arquitectos da excma Deputación provincial para o estudo da documentación técnica. Non obstante, tamén é certo que xa deron outras datas, e quizais se cambie o día.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que había un problema no bombeo do Temple. Unha máquina que dirixe os sólidos a un triturador, para que non vaian ás bombas, e que dende que se instalou non se puido sacar para limpala. Intentouse sacala cunha grúa, o aparato pesa 2.500 kg. Sacouse hoxe e o problema que ten é un problema de aliñación nas guías. O problema xa está reparado.

Así mesmo, informa que esta semana comezan a colocar os sinais respecto da recollida de excrementos dos cans e comezarán a colocar algunha marquesiña. Unha fai falta en Lema, na saída da igrexa; outra en Cambre e outra na Barcala. Remata a dicir que esta semana fan unha obra pequena nas Gamelas, na parroquia de Anceis, para que poida pasar o camiión da recollida do lixo.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación


Dona Maria Jesús González Roel informa que ten unha proposta da rede galega de quioscos do grupo Cogami respecto da posibilidade de instalar un quiosco no centro de Cambre, o cal daría emprego a dúas persoas con minusvalía de Cambre e a unha terceira persoa que estaría como suplente en caso de vacacións, enfermidade, etc. Sería un quiosco con baño de minusválidos incorporado e aínda que este pechado, o abrirán a calquera persoa que o solicite. Malia o anterior, estudarán a proposta, dado que xa existen no centro de Cambre negocios de venda de revistas e produtos semellantes aos que se venderían no quiosco.

Informes da alcaldía

O señor alcalde pregunta como están as obras na rúa Pígara, na parroquia do Temple. Don Manuel Marante Gómez di que rematarán este mes.

A seguir, o señor alcalde dá conta que, en relación coa nota que se publicou na prensa, en concreto en “La Opinión”, enviada pola asociación de veciños do Temple, respecto das protestas polas obras na rúa Pígara, os comerciantes da rúa Pígara enviaron un correo electrónico á Alcaldía no que manifestan que os comerciantes non teñen relación nin queren tela coa asociación de veciños do Temple, e que non teñen nada que reclamar ao concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Manuel Rivas Caridad

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia